



## **CONCELLO DE BARBADÁS**

### **ORDENANZA REGULADORA DA TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS**

#### **Exposición de motivos.**

A Lei 50/1999, do 23 de decembro, ditada ao amparo do artigo 149.1.29 da Constitución Española, que atribúe ao Estado as competencias en materia de seguridade pública, asigna no artigo 3º aos Concellos a competencia para conceder a Licenza Administrativa que habilite para a tenencia de animais potencialmente perigosos. Ademais, no seu artigo 6, establece que en cada Concello existirá un Rexistro de animais potencialmente perigosos. A Lei 1/1993, do 13 de abril, da Comunidade Autónoma de Galicia, de Protección de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade impón á súa vez aos Concellos a obriga de recollida dos animais abandonados no seu artigo 27 do Decreto 153/1998 que a desenvolve obriga a censar a nivel municipal a todos os animais da especie canina.

A comunidade Autónoma de Galicia, desenvolve ambas Leis de forma harmónica, no Decreto 90/2002 e unha das competencias propias que se lles recoñecen no artigo 3.2 da citada Lei 50/1999 en cuxo amparo apróbbase tamén esta Ordenanza.

En consecuencia, e de conformidade coas disposicións citadas, e ao amparo da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia a Corporación aprobou esta Ordenanza:

#### **Artigo 1º.-Obxecto.**

1.-É obxecto da presente Ordenanza, a regulación da concesión e renovación das licenzas administrativas para a tenencia de calquera animal clasificado como potencialmente perigosos, aos que se refire o Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a Tenencia de Animais Potencialmente Perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a regulación do Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos .

2.- Esta ordenanza será de aplicación a toda persoa física ou xurídica que se relacione de forma permanente, ocasional ou accidental con animais considerados potencialmente perigosos, no termo municipal de Barbadás.

3.-Quedan excluídos da aplicación da presente Ordenanza os cans e animais pertencentes ás Forzas Armadas, Forzas e Corpos da Seguridade do Estado, Corpos da Policía das Comunidades Autónomas, Policía Local e empresas de seguridade con autorización oficial.

#### **Artigo 2º.- Definición**





## CONCELLO DE BARBADÁS

Consideraranse animais potencialmente perigosos todos aqueles que pertencendo á fauna autóctona ou alóctona, independentemente da súa condición, natureza, especie ou raza á que pertencen, e convivindo no contorno humano como animais domésticos ou de compañía, sexan susceptibles de ocasionar a morte ou lesións ás persoas ou a outros animais, ou de producir danos de certa entidade ás cosas.

En particular terán a cualificación de potencialmente perigosos, os animais domésticos ou de compañía que regulamentariamente se determinen pola Comunidade Autónoma de Galicia, en particular aqueles nos que concorra calquera das condicións seguintes:

- a) Cans que tiveran algún episodio de agresión a persoas ou ataques de certa entidade a animais ou ás cosas.
- b) Cans que foran adestrados para a garda e defensa.
- c) Cans que polos seus raciais puideran ser aptos para o adestramento, para a garda e defensa e en concreto os pertencentes ás razas seguintes: American Staffors, Hire Terrier, Pit Bull Terrier, Bullmastif, Dobermann, Dogo Argentino, Dogo de Burdeos, Dogo del Tibet, Fila Brasileño, Mastin Napolitano, Presa Canario, Presa Mallorquin (Que de Bou), Rottweiler, Staffordshire Bull Terrier, Tosa Inu y Akita Inu.

Tamén serán considerados neste apartado os cruces en primeira xeración destas con outras razas, obtendo unha tipoloxía similar a algunha das razas anteriormente descritas.

- d) Cans que manifesten unha marcada agresividade natural ou inducida mediante adestramento, malos tratos ou calquera outro medio. A dita agresividade será apreciada pola autoridade competente, de oficio ou despois de notificación ou denuncia e tralo informe previo dun adestrador ou veterinario nomeados para o efecto.

### **Art.- 3.- Licenza**

1.-A tenencia no municipio de animais clasificados como potencialmente perigosos requirirá a obtención, con carácter previo á adquisición do animal, da correspondente Licenza Municipal.

2.-Están obrigados á obtención da Licenza Municipal para a tenencia de animais clasificados como potencialmente perigosos os propietarios ou posuidores dos mesmos incluídos no Padrón de Habitantes, así como os establecementos ou asociacións, con sede neste municipio, que alberguen animais potencialmente perigosos aos que se refire o Decreto 90/2002 de 28 de febreiro da Comunidade Autónoma Galega e se dediquen á súa explotación, cría, comercialización ou adestramento, incluídos os centros de adestramento, criadeiros, centro de recollida, residencia, centros





## CONCELLO DE BARBADÁS

recreativos e establecementos de venda colocados neste municipio.

3.-Os propietarios de animais potencialmente perigosos non aveciñados neste municipio deberán acreditar, cando se atopen residindo temporalmente no mesmo e mentres permaneza o animal no termo municipal, a tenencia da licenza no municipio de orixe.

4.-Nos casos de inscrición de animais como consecuencia de efectuar anteriores ataques a persoas, animais ou cosas, no Concello, unha vez coñecida a resolución ou sentenza, de oficio ou a instancia de calquera interesado directo, e previa tramitación de expediente administrativo con audiencia do interesado, requirirá ao propietario mediante resolución da Alcaldía, co obxecto de que no prazo dun mes proceda á solicitude de licenza, efectuándose en caso contrario a retirada e depósito do animal de conformidade co establecido na presente ordenanza.

### **Artigo 4 .-Requisitos para a obtención da Licenza.**

A tenencia dos animais referidos no artigo anterior requirirá a obtención previa dunha licenza administrativa, que será outorgada polo concello do municipio de residencia do solicitante, ou trala constancia previa deste concello, polo concello no que se realice a actividade de comercio ou adestramento.

1.- A solicitude de licenza presentaraa o interesado no Rexistro Xeral do Concello, previamente á adquisición, posesión ou custodia do animal, salvo que a súa tenencia fora anterior á entrada en vigor da presente ordenanza, e nos supostos de cambio de residencia do seu responsable.

Xunto á solicitude, na que se identificará claro o animal para o que se require a licenza, o interesado deberá presentar a seguinte documentación, en orixinal ou copia autenticada:

- (a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de estranxeiro do solicitante, cando se trate de persoas físicas ou empresarios individuais, cando se trate de persoas xurídicas, do representante legal.
- (b) Escritura de poder suficiente, se se actúa en representación doutra persoa.
- (c) Escritura de constitución da entidade xurídica e número de identificación fiscal.
- (d) Localización dos locais ou vivendas que albergarán os animais, con indicación das medidas de seguridade adoptadas.
- (e) Non ser condenado por delitos de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade ou contra a integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública, de asociación con banda armada ou narcotráfico, así como ausencia de sancións por infraccións en materia de tenencia de animais potencialmente perigosos.





## CONCELLO DE BARBADÁS

Xustificarase este requisito coa certificación negativa de penais.

(f) Certificado expedido pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, no que se acredite que o posuidor non estea incurso en procedemento de infracción administrativa, moi grave ou grave, en materia de tenencia de animais.

(g) Certificado de capacidade física e de aptitude psicolóxica para a tenencia de animais potencialmente perigosos.

2.-Os requisitos esixidos deberán manterse vixentes durante todo o período da tenencia do animal; a perda dos mesmos dará lugar á revisión da Licenza nos termos recollidos no artigo 9º desta Ordenanza.

Calquera variación dos datos que figuran na licenza deberá ser comunicada polo seu titular no prazo de quince días, contados dende a data na que se produza, ao órgano competente do municipio ao que corresponde a súa expedición.

A intervención, medida cautelar ou suspensión que afecte á licenza administrativa en vigor, acordada en vía xudicial ou administrativa, serán causa para denegar a expedición doutra nova ou a súa renovación ata que aquelas sexan levantadas.

3.-No caso de que a licenza sexa para animais salvaxes en cativeiro, esixirase, ademais do previsto no apartado 1 deste artigo, unha memoria descritiva das instalacións e medidas de seguridade utilizadas para impedir a fuxida dos animais conforme ao artigo 3. 4 do Decreto 90/2.002.

### **Artigo 5 .-Vixencia das licenzas.**

1.-As licenzas terán unha vixencia de cinco anos, a cuxa finalización deberán ser obxecto de renovación, debendo acreditar en cada exercicio, para o seu mantemento:

- a) A subscrición do seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros.
- b) A expedición do certificado de sanidade animal, expedido por autoridade competente, que acredite con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou trastornos que lle fagan especialmente perigosos.

2.-A condena por calquera dos delitos recollidos no artigo anterior dará lugar á revisión da licenza polo Concello.

### **Artigo 6º .-Acreditación.**

1.-A identificación da tenencia da Licenza Municipal dos animais potencialmente perigosos acreditaranse mediante entrega de certificación relativa á mesma.

2.-Por cada can que se posúa, expedirase un cartón identificativo na que se fará constar os seguintes





datos:

- a) Núm. de Licencia Municipal
- b) Código de identificación do can
- c) Raza
- d) Titular da licenza e DNI
- e) Núm. de Rexistro Municipal

No dorso, se farán constar as persoas autorizadas polo titular da Licenza para uso temporal e transporte do animal.

### **Artigo 7º .-Documentación.**

1.-Para a expedición do cartón identificativo de cada can se requirirá o achegamento dos seguintes datos:

- a) Raza e sexo do animal.
- b) Ano de nacemento
- c) Domicilio habitual do animal.
- d) Especificación se está destinado a convivir co seres humanos ou se pola contra, se teñen dificultades distintas como a garda, protección ou outra que se indica.
- e) Nome do propietario.
- f) Domicilio do propietario.
- g) DNI do propietario
- h) Nome ou razón social e domicilio do vendedor ou cedente.
- i) Póliza de seguro de responsabilidade civil.
- j) Certificado de aptitude psicolóxica e física nos termos recollidos nos artigos 4 e 5 del RD 287/2002 do 22 de marzo.
- k) Certificado de penais.
- l) Certificado de sanidade animal expedido pola autoridade competente, que acredite, con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou trastornos que llo fagan especialmente perigosos.
- m) Xustificante do abono da Taxa por expedición da Licenza Municipal para a tenencia de animais potencialmente perigosos.
- n) Certificado sanitario de esterilización se se efectúo a mesma.
- ñ) Memoria descritiva das instalacións e medidas de seguridade utilizadas para impedir la fuxida dos





animais conforme ao artigo 3.4 del Decreto 90/2002, no seu caso.

o) Facturas e xustificantes da adquisición.

Os citados datos e, no seu caso, a documentación oportuna, deberá facilitala o adquirente do animal no prazo de quince días a contar dende a súa tenencia efectiva.

2.-O certificado de sanidade animal deberá ser expedido polos Servizos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia ou por un veterinario colexiado.

3.-Para a renovación da Licenza Municipal se deberá aportar a seguinte documentación:

a) Solicitude de renovación.

b) Copia compulsada da renovación do seguro de responsabilidade civil

c) Copia compulsada do certificado médico de sanidade animal efectuado nunha data non anterior a dous meses á da renovación da licenza.

d) Xustificante do abono da Taxa Municipal.

e) Certificado de capacidade física.

f) Certificado de aptitude psicolóxica.

### **Artigo 8º .-Órgano competente para a concesión das Licenzas Municipais.**

1.-As Licenzas Municipais para a tenencia de animais potencialmente perigosos, concederanse mediante resolución do órgano municipal que teña atribuída a competencia en materia de Licenzas, previa acreditación da incorporación da documentación esixida na presente ordenanza.

2.- Se se denegase a licenza a un solicitante que estivese en posesión dun animal potencialmente perigoso, na mesma resolución denegatoria adoptarase o deber do seu tenedor de entregalo inmediatamente en depósito nas instalacións de recollida de animais abandonados.

### **Artigo 9º .-Revisión, perda da licenza e depósito de animais.**

1.-A perda de calquera dos requisitos esixidos no artigo 4º desta Ordenanza, dará lugar á revisión das licenzas municipais concedidas e a súa retirada, previa tramitación do expedientes contradictorio.

2.-A retirada da licenza dará lugar á perda do dereito á tenencia do animal e a obriga do interesado de proceder, no prazo máximo de dez días a contar dende a recepción do requirimento, á súa entrega e depósito no establecemento adecuado ao efecto ata a obtención da mesma, salvo que o animal sexa obxecto de entrega a outro propietario ou sacrificio nos termos términos establecidos nos artigos 58, 59 e 60 do Decreto 153/1998 da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.-En caso de incumprimento da obriga de depósito procederáse á súa execución subsidiaria polo Concello, ou pola Comunidade Autónoma, a través dos seus servizos ou mediante empresa contratada,





## CONCELLO DE BARBADÁS

sendo os gastos que tal actuación leva a cargo e conta do antigo titular da licenza.

4.-O Concello poderá retirar dos espazos públicos e depositar de oficio no establecemento adecuado, sen necesidade de previo requirimento, a aqueles animais potencialmente perigosos en que se aprecie unha situación de abandono ou perigo para os usuarios das vías e espazos de uso común ou circulen por estes sen a debida protección ou control do seu propietario ou posuidor.

5.-Igualmente o Concello poderá retirar e depositar en establecemento adecuado aqueles animais potencialmente perigosos que non dispoñían da correspondente tarxeta de identificación no municipio de orixe ata tanto se acredite tal circunstancia polo titular do mesmo.

6.-A falta de licenza municipal para a tenencia de animais potencialmente perigosos dará lugar a un único requirimento municipal para a súa obtención no prazo de dez días e á retirada e depósito dos animais, nos termos establecidos neste artigo.

### **Artigo 10º .-Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.**

1.-Créase o Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos, cuxo tratamento será informatizado, no que se fará constar con carácter obrigatorio de acordo co Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, da Comunidade Autónoma de Galicia, a seguinte documentación:

- a) Código identificador do animal.
- b) Zona de aplicación.
- c) Especie.
- d) Raza. En cruzamento de primeira xeración especificarase as razas de procedencia.
- e) Sexo.
- f) Descrición da capa.
- g) Data de nacemento do animal e nome do animal se fora o caso
- h) Dirección habitual do animal.
- i) Outros signos identificatorios non definitivos (tales como unha tatuaxe ou un número de chapa se o animal foi censado nun censo municipal anteriormente).
- j) Especificación de se o animal está destinado a convivir con seres humanos ou se teñen finalidades distintas como a garda, defensa ou outra que se indique.
- k) Nome e apelidos do propietario do animal.
- l) Dirección do propietario do animal.
- m) Teléfonos de contacto do propietario do animal.
- n) DNI do propietario do animal.







## CONCELLO DE BARBADÁS

- ñ) Nome, dirección, número de colexiado e número de veterinario colaborador que realiza a marcaxe.
- o) Data na que se realiza a implantación da identificación e a entrega do documento ao propietario.
- p) Data de alta no rexistro.
- q) Certificado sanitario, expedido por un veterinario, que acredite con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou síntomas que poida facerlle potencialmente perigoso, así como unha certificación de que o animal carece de lesións ou cicatrices que puideran estar relacionadas coa utilización do animal en pelexas ou outras actividades prohibidas.
- r) Cartilla sanitaria actualizada nos tratamentos preceptivos e preventivos propios da especie e idade. Na cartilla sanitaria figurará a catalogación de animal potencialmente perigoso.
- s) Copia da licenza municipal de tenencia de animais potencialmente perigosos, a nome do propietario. Acompañarase de copia da póliza que xustifique ter formalizado o seguro de responsabilidade civil.
- t) Datos do centro de adestramento, se fora o caso.
- u) Incidentes de agresión, se fora o caso.

2.-Os propietarios, serán os responsables de identificar os animais e de sufragar os gastos que este ocasione, independentemente do lugar de residencia das ditas persoas. A identificación definitiva suporá un requisito previo e obrigatorio para realizar calquera transacción do animal.

3.-O rexistro municipal é un rexistro de carácter público, ao que terá acceso as Administracións Públicas e autoridades competentes, así como aquelas persoas físicas ou xurídicas que acrediten ter interese lexítimo no coñecementos dos datos obrantes no mesmo. A estes efectos considerárase, en todo caso, interese lexítimo o que ostenta calquera persoa física ou xurídica que desexe adquirir un animal destas características, así como aquelas que sufriran calquera tipo de agresión polo animal e desexen exercer as accións correspondentes en calquera vía xurisdiccional, para o que deberán acreditar previamente a interposición da correspondente denuncia.

4.-En todo caso, o uso e tratamento dos datos contidos no Rexistro farase de acordo cos disposto na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos Persoais.

### **Artigo 11º.-Inscripción no Rexistro.**

1.-A inscrición no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos efectuarase de oficio polo Concello trala concesión da Licenza Municipal regulada no artigo 3º da presente Ordenanza ou a instancia do interesado, no seu caso.

2.-Non obstante, será igualmente obrigatoria a instancia do interesado, a inscrición no rexistro







## **CONCELLO DE BARBADÁS**

municipal, en sección aberta ao efecto, cando se efectúe o traslado dun animal potencialmente perigoso a este municipio, sexa con carácter permanente ou por período superior a tres meses, debendo proceder á inscrición no prazo máximo de dez días a contar dende o inicio da residencia no municipio.

3.-Estimarase que se efectuou un traslado de animal potencialmente perigoso, salvo acreditación expresa en contra polo interesado, nos casos de cambio de residencia do titular do mesmo en cuxo caso será preciso a acreditación da obtención da licenza no municipio de orixe anterior, procedendo á renovación da licenza nos casos previstos na presente Ordenanza.

4.-Das inscricións que se efectúen no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos darase traslado ao órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia.

5.-Igualmente nos casos de cambio de residencia dende o municipio, sen prexuízo da obriga do interesado de dar conta do traslado do animal, notificarse ao Concello do municipio de nova residencia a titularidade por parte do interesado dun animal potencialmente perigoso.

### **Artigo 12º.-Baixa no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.**

1.-A baixa no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos efectuarase a instancia do interesado, previa acreditación da venta, traspaso, cesión ou morte do animal.

2.-Igualmente procederase á baixa no Rexistro no caso de traslado da residencia do titular do animal a municipio distinto salvo que o animal permaneza no Concello, acreditándose xa sexa a instancia do interesado ou de oficio do Concello.

3.-Farase figurar no Rexistro como de titularidade municipal aqueles animais depositados nas súas instalacións como consecuencia da recollida dos mesmos da vía pública ou por perda da licenza do seu anterior titular.

### **Artigo 13º.- Deber de identificación.**

Os propietarios, criadores ou tenedores dos animais terán o deber de identificalos con un microchip nos seus primeiros meses de vida ou nun mes despois da súa adquisición.

A identificación consistirá na implantación dun microchip ou transponder portador dun código alfanumérico de número de díxitos tal que sexa único para cada animal.

A implantación do código será efectuada por un veterinario, nomeado para o efecto pola Consellería de Medio Ambiente.

### **Artigo 14º.- Deberes en materia hixiénico-sanitarias.**





## CONCELLO DE BARBADÁS

Os propietarios, criadores ou tenedores deberán manter os animais que estean baixo a súa custodia en idóneas condicións hixiénico-sanitarias e cos coidados e atencións necesarias de acordo coas necesidades fisiolóxicas e características propias da especie ou raza do animal, en cumprimento da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, e do Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 1/1993.

El propietario, criador ou tenedor dun animal que agreda á persoas ou a outros animais causándolles feridas de mordedura, será responsable de que o animal sexa sometido a recoñecemento dun veterinario en exercicio libre da profesión, en dúas ocasións dentro dos quince días seguintes á agresión. Neste recoñecemento o veterinario responsable emitirá un certificado no que conste se o animal presenta ou non síntomas de enfermidade infecto-contaxiosa.

### **Artigo 15º.- Deberes en materia de seguridade cidadá.**

Os propietarios, criadores ou tenedores de animais potencialmente perigosos terán o deber de cumprir todas as normas de seguridade cidadá, establecidas na lexislación vixente e na lexislación sobre protección animal de Galicia, de sorte que garanten a excelente convivencia destes animais cos seres humanos e se eviten molestias á poboación, e en particular as seguintes:

As instalacións destinadas a albergar animais potencialmente perigosos deberán reunir como mínimo as seguintes medidas de seguridade

1.1. As paredes e valados serán suficientemente altos e consistentes e deberán estar fixados co fin de soportar o peso e a presión do animal, evitando as fuxidas.

1.2. As portas das instalacións deben ser resistentes e estar deseñadas para evitar que os animais poidan abrir os mecanismos de seguridade, sen producirlles danos.

1.3. O recinto estará sinalado coa advertencia de que se atopa dentro un animal potencialmente perigoso, indicando a especie de raza deste.

1.3.1. Queda totalmente prohibido que o animal poida sacar parte do seu corpo, tales como a cabeza ou as patas, feitos que poidan causar danos ou alarma.

Os propietarios dos inmobles onde se alberguen os animais potencialmente perigosos deberán realizar os traballos e obras precisos para manter neles, en todo momento, as condicións imprescindibles de seguridade adecuadas á especie e raza dos animais, sendo este requisito necesario para a obtención das licenzas administrativas que se regulan nesta ordenanza.

A autoridade municipal poderá ordenar en todo momento os traballos e obras necesarios para a dita finalidade, e no suposto de non dar cumprimento a este, procederá á revogación da licenza tralo





expediente administrativo instruído ao respecto.

A presenza e circulación en espazos públicos, que se reducirá exclusivamente aos cans, deberá ser sempre vixiada e controlada polo titular da licenza sobre eles, co cumprimento das normas seguintes:

1. Levarán bozal homologado e acomodado para a súa raza.
2. Irán atados con cadea ou correa non extensible de lonxitude non superior a dous metros.
3. Non poderán ser conducidos por un menor de 16 anos.
4. Deberase evitar que os animais se aproximen as persoas a distancia inferior a un metro, excepto co consentimento expreso de aquelas.
5. Evitarase calquera incitación aos animais para arremeter contra as persoas ou animais.

### **Artigo 16º.- Obriga de comunicación ao Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos.**

Nos seguintes supostos:

- 1- Os propietarios de animais potencialmente perigosos deberán comunicar ao Rexistro a realización da castración ou esterilización do animal, se esta se producira, para o cal remitirán copia da certificación veterinaria correspondente que acredite este feito.
- 2- Os incidentes por animais potencialmente perigosos ao longo da súa vida, coñecidos polas autoridades administrativas ou xudiciais (fundamentalmente centros de saúde, hospitais, centros públicos e comisarías) faranse constar na folla rexistral de cada animal, que se cancelará coa súa morte, certificada polo veterinario o autoridade competente.
- 3- O traslado dun animal potencialmente perigoso doutra comunidade autónoma á Comunidade Autónoma de Galicia, sexa con carácter permanente ou por período superior a tres meses, obrigará ao seu propietario a efectuar a inscrición oportuna no Rexistro Galego de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos.
- 4- Os propietarios deberán comunicar calquera variación dos datos do rexistro, no prazo de quince días desde que se producira a modificación que proceda rexistrar, excepto os incidentes de agresión, nos que a comunicación será inmediata. Cando as circunstancias así o aconsellen poderanse establecer excepcións ao cumprimento de determinados deberes dos propietarios nos casos de:
  - a) Organismos públicos ou persoais que utilicen estes animais con unha función social.
  - b) Explotacións agrarias que utilicen cans de garda, defensa e manexo de ganado, así como actividades de carácter cinexético.
  - c) Probas de traballo e deportivas co fin de seleccionar os exemplares que participan nelas e que están





## CONCELLO DE BARBADÁS

autorizados e supervisados pola autoridade competente, con exclusión dos exercicios para pelexas e ataque.

O Director Xeral de Conservación da Natureza poderá establecer excepcións mediante resolución motivada, trala solicitude e xustificación do interesado e logo do informe dun adestrador ou veterinario, sempre que quede garantida a seguridade cidadá e o benestar animal.

### Artigo 17º.- Infraccións

1. Terán a consideración de infraccións administrativas de carácter **moi grave**:

1.1. Abandonar un animal potencialmente perigoso de calquera especie, entendéndose por animal abandonado o que non estea acompañado de persoa ningunha aínda cando estea preceptivamente identificado.

1.2. Ter cans ou animais potencialmente perigosos sen licenza.

1.3. Vender ou transmitir por calquera outro título un can ou animal potencialmente perigoso a quen careza de licenza.

1.4. Adestrar animais para activar a súa agresividade ou para finalidades prohibidas.

1.5. Adestrar animais potencialmente perigosos por quen careza do certificado de capacitación.

1.6. A organización ou celebración de concursos, exercicios, exhibicións ou espectáculos de animais potencialmente perigosos, ou a súa participación neles, destinados a demostrar a agresividade dos animais.

Terán a consideración de infraccións administrativas de **carácter grave**:

a) Deixar solto un animal potencialmente perigoso ou non adoptar as medidas necesarias para evitar a súa escapada ou extravío.

b) Incumprir a obriga de identificar o animal.

c) Omitir la inserción en el rexistro

d) Encontrarse o can potencialmente perigoso en lugares públicos sen boceira ou non suxeito con cadea.

e) No transporte de animais potencialmente perigosos con vulneración do disposto no artigo 10 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico, da tenencia de animais potencialmente perigosos.

f) A negativa ou resistencia a subministrar os datos e facilitar a información requirida polas autoridades competentes ou axentes, en orde ao cumprimento de funcións establecidas na Lei 50/1999, do 23 de decembro, así como subministrar información inexacta ou documentación falsa.





## CONCELLO DE BARBADÁS

Terán a consideración de infraccións administrativas de carácter leve, o incumprimento de calquera das obrigas establecidas na presente ordenanza, non comprendidas nos apartados anteriores.

### **Artigo 18º.- Sancións**

1. As infraccións sinaladas nos artigos anteriores serán sancionados con multas establecidas na Lei 50/1999 do 23 de decembro, sobre réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos.

As infraccións graves o moi graves poderán levar acompañadas como sancións accesorias a confiscación, comiso, esterilización ou sacrificio dos animais potencialmente perigosos, a clausura do establecemento e a suspensión temporal ou definitiva da licenza para a tenencia de animais potencialmente perigosos.

2. Os órganos competentes para sancionar, de acordo cos artigos 24.2º da Lei 1/1993, do 13 de abril, serán:

- a) por infraccións leves, o alcalde do Concello onde se produza a infracción.
- b) por infraccións graves, o director xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente.
- c) por infraccións moi graves, o conselleiro de Medio Ambiente.

Cando as circunstancias de perigo así o aconsellen, a administración local ou autonómica poderá proceder á retirada ou custodia dun animal potencialmente perigoso, a cargo do propietario, como medida de carácter provisional durante a tramitación do procedemento sancionador.

### 3. Procedemento sancionador

3.1. O coñecemento polo Concello, xa sexa de oficio ou por denuncia de particulares, da comisión de calquera das infraccións especificadas no artigo anterior e que afecte ao seu ámbito de competencias, dará lugar á incoación de expediente sancionador que se axustará aos principios da potestade sancionadora contidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e se tramitará de acordo co establecido no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba a Lexislación de procedemento para o exercicio da dita potestade.

3.2. Se a infracción coñecida polo Concello afecta ao ámbito de competencias propia da comunidade autónoma, darase inmediato traslado ao órgano competente desta do documento ou da denuncia que o poña de manifesto para os efectos de que se exerza a competencia sancionadora.

3.3. Nos supostos nos que as infraccións poidan ser constitutivas de delito ou falta, darase traslado inmediato dos feitos o órgano xurisdiccional competente.





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

3.4. O Concello poderá comisar os cans potencialmente perigosos desde o mesmo momento no que existan indicios racionais de infracción de carácter grave ou moi grave.

O comiso terá carácter preventivo incluso a resolución do correspondente expediente sancionador, que, en todo caso, deberá determinar o destino final que deba darse aos animais comisados.

Os gastos polo comiso serán por conta de quen cometa a infracción.

### **DISPOSICIÓNS FINAIS.**

Primeira: As normas contidas nesta ordenanza son complementarias da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos, Real decreto 287/2002, do 22 de marzo, do Ministerio da Presidencia, Decreto 902/002, do 28 de febreiro, da Consellería de Medio Ambiente, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos.

Segunda: A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto no BOP e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.”

